

ACORDOS NÚMERO 10/2017
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DÍA 11 de maio de 2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día once de maio de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

- 1- APROBACION SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 8/2017 E 9/2017 CORRESPONDNTES AS SESIONS ANTERIORES LEVADAS A CABO OS DIAS 20.04.2017 E 27.04.2017.-
- 2- ESCRITOS OFICIAIS.-
- 3- DAR CONTA DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE M. AMBIENTE E ORDENACION DO TERRITORIO E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A REALIZACION DAS OBRAS CONSTRUCION DE BEIRARRUAS EN IGREXA-VILADOABADE
- 4- PROPOSTA DE ADXUDICACION DA OBRA RENOVACION ALUMADO PUBLICO EN BRANDOÑAS E OUTROS.-
- 5- APERTURA DE PLICAS DA OBRAS INVESTIMENTO NO CONCELLO DE TORDOIA, CAMIÑO PONTEPEDRA A COOPERATIVA E OUTROS.-
- 6- INVENTARIO DE CAMIÑOS. ENTREGA DE TRABALLOS.-
- 7- PLANS DE COOPERACION 2017.-
- 8- D. J.R.M. E D^a M^aC.V.C. CASTRO SOLICITA LICENZA DE OBRA PARA REHABILITACION DE VIVENDA UNIFAMILIAR.-
- 9- APROBACION DE FACTURAS.-
- 10- SOLICITUDE DE AXUDA A CONSELLERIA DE MEDIO RURAL DOS CAMIÑOS: ABELEIRAS-BURGAN E IGREXA-FORNELOS.-
- 11- PROXECTO VIVENDA COMUNITARIA EN RECTORAL DE ANXERIZ. SOLICITUDE DE SUBVENCION A LEADER+ E APROBACION DO PROXECTO.-
- 12- PROXECTO DE RECONSTRUCION OBRA DRENAXE SOBRE O REGATO XUNQUEIRA (DP-8401P.Q.5+520) SOLICITUDE DE SUBVENCION A DEPUTACION PROVINCIAL.-
- 13- PROXECTO DE CONSTRUCION DE BEIRARRUAS NA DP8401 TABLILLA-AGROS DO MESTRE POR PONTEPEDRA P.Q.5+60 O5+470.SOLICITUDE DE AXUDA A DEPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA.-
- 14- INFORMACIONS DA ALCALDIA.-
- 15- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- APROBACION SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 8/2017 E 9/2017 CORRESPONDNTES AS SESIONS ANTERIORES LEVADAS A CABO OS DIAS 20.04.2017 E 27.04.2017.-

Acordos adoptados:

Aprobación das actas nº 8/2017 extraordinaria que tivo lugar o 20.04.2017 e a acta nº 9/2017 ordinaria que tivo lugar o 27.04.2017.

2.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Recíbese o seguinte escrito:

1º Valedor do Pobo nº expediente: G.6.Q/16186/17, solicitando informe aos servizos sociais sobre criterio de eficacia a disposición das persoas en exclusión ou risco. A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

3.- DAR CONTA DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE M. AMBIENTE E ORDENACION DO TERRITORIO E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A REALIZACION DAS OBRAS CONSTRUCCION DE BEIRARRUAS EN IGREXA-VILADOABADE.-

Acordos adoptados:

1º Aprobar o proxecto Construción de beirarruas en Igrexa de Viladoabade, por un importe de 52.839,88 €.

2º Publicar na páxina web deste termino municipal

3º Facultar ao señor alcalde en todo o relacionado con este expediente

4º Dar conta no próximo pleno

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACION DA OBRA RENOVACION ALUMADO PUBLICO EN BRANDOÑAS E OUTROS.-

Acordos adoptados:

Contratación a adxudicación do contrato a JAVI LUZ ELECTRICIDADE, S.L., por importe total de 34.199,02.-€

5.- APERTURA DE PLICAS DA OBRAS INVESTIMENTO NO CONCELLO DE TORDOIA, CAMIÑO PONTEPEDRA A COOPERATIVA E OUTROS.-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Examinada a proposta económica da empresa Arines Obras y Proyectos, S.L., esta sobrepeasa o orzamento total de licitación da obra. Igualmente no orzamento sen IVA presenta un prezo de 57.556,93.-euros, que igualmente sobrepeasa o prezo base de licitación, polo que

se acorda EXCLUÍLA do expediente de contratación, notificándolle a súa exclusión co réxime e recursos procedentes.

Segundo.- Solicitar a Estudio Técnico Gallego, S.A., encargada dos servizos técnicos municipais para que emita informe de valoración de ofertas admitidas conforme as criterios de adxudicación segundo figuran no prego de cláusulas administrativas.

Terceiro.- Emitido o citado informe dese conta ao órgano de contratación para que realice a clasificación de adxudicación segundo a puntuación obtida, co fin de convidar a todos os licitadores admitidos a presentar, nun prazo non superior a 48 horas, unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación que poidan ser mellorados polos licitadores e que se indican no anexo V.II do prego de cláusulas administrativas (criterios de negociación).

6.- INVENTARIO DE CAMIÑOS. ENTREGA DE TRABALLOS.-

Detectado erros na elaboración, acórdase deixar sobre da mesa.

7.- PLANS DE COOPERACION 2017.-

Acordos adoptados:

1º. Solicitar unha subvención a Consellería de Economía Emprego e Industria conforme o establecido pola Orde do 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, para o proxecto denominado “acondicionamento da antiga Rectoral de Castenda e Outros” para o cal se contratará durante o prazo de 6 meses con unha xornada do 50% da habitual na empresa a:

1 Carpinteiro
2 Pintores
1 Albanel
4 Peóns

2º. Declarar o coñecemento e aceptación incondicionada das bases reguladoras.

3º. Nomear a D. Antonio Pereiro Liñares, en calidade de Alcalde como persoa designada para actuar como representante de este concello ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

4º. Comprometerse a dispor de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas pola subvención e aquelas que non.

5º. Dado que o Concello de Tordoia non dispón de convenio colectivo aprobado en vigor, as retribucións salariais brutas dos traballadores en cómputo mensual, desgregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extras e as cotizacións á Seguridade Social serán as mesmas que cobras os traballadores municipais de igual categoría e posto, que segundo informe do departamento de nóminas serán:

NOMIN	PP.EXTR	TOTAL	CNAE	SS.	CUSTO TOTAL	Nº	Nº	TOTAL
A	A					MESES	POSTOS	

CARPINTEIRO	450,00 €	75,00 €	525,00 €	D	198,45 €	723,45 €	6	1	4.340,70 €
PINTOR	450,00 €	75,00 €	525,00 €	D	198,45 €	723,45 €	6	2	8.681,40 €
ALBANEL	450,00 €	75,00 €	525,00 €	D	198,45 €	723,45 €	6	1	4.340,70 €
PEON	400,00 €	66,65 €	466,65 €	D	176,39 €	643,04 €	6	4	15.432,96 €
TOTAL PROXECTO :									32.795,76 €

6º. Declarar que o concello cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

7º. Declarar que esta entidade esta ao día no cumprimento das Obrigas Tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma. Autorízase a Consellería de Economía Emprego e Industria a realizar as consultas necesarias para comprobar esta situación de non ter débedas.

8º. Declarar que non se solicitaron nin en cosecuencia se recibiu ningunha outra axuda para este proxecto.

8.- D. J.R.M. E Dª Mª.C.V.C. SOLICITA LICENZA DE OBRA PARA REHABILITACION DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN GORGULLOS.-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Autorizar a seguinte licenza urbanística con suxeición ao proxecto presentado e ás normas de edificación e condicións particulares e xerais establecidas nas correspondentes Leis e Ordenanzas:

- a) PROMOTOR: J.R.M. e MªC.V.C.
- b) SITUACION EMPRAZAMENTO: Gorgullos
- c) Referencia catastral: XX
- d) TECNICO AUTOR DO PROXECTO: J.G.M.
- e) PRAZO PARA INICIO E TERMINACION DAS OBRAS: segundo disposto no punto 3º
- f) CONTÍA NAS QUE SE ORZAN AS OBRAS, EXECUCIÓN MATERIAL: 100.000,00.-€
- g) ALTURA, SUPERFICIE CONSTRUÍDA E OCUPACION DE PARCELA PERMITIDOS: 5,60m; 12366m2; 1,30%
- h) FINALIDADE DE ACTUACIÓN E USO AO QUE SE DESTINARÁ: Construción de dous silos forraxeiros vinculados a explotación existente de gando vacún leiteiro
- i) CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA DO SOLO OBXECTO DE ACTUACIÓN: Solo Rústico (LOUPMRG)
- j) TITULO PROXECTO: Rehabilitación de vivenda unifamiliar aislada

Segundo.- Aprobar a liquidación de dereitos municipais, de acordo coas ordenanzas fiscais municipais reguladoras, sen prexuízo das comprobacións que procedan sobre o custo real e

efectivo da obra, unha vez concluída e das liquidacións complementarias que resulten procedentes.

Terceiro.- O prazo de iniciación non poderá exceder de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, a contar igualmente a partir da notificación desta resolución, non podendo interromperse as obras por tempo superior a SEIS MESES.

Cuarto.- A presente licenza concédese salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, así mesmo, das autorizacións e concesións a outorgar por outras administracións públicas, tal e como se indica no informe da Consellería de Medio Rural do 20.04.2017.

Quinto.- Deberán tramitar as correspondentes autorizacións ante Augas de Galicia para o pozo e a foxa séptica, así como achegar a documentación solicitada no informe técnico do 08.05.2017.

Sexto.- Realizadas as obras obxecto desta licenza DEBERÁ PRESENTAR CERTIFICADO FINAL DE OBRA e realizar a comunicación previa regulada no artigo 24 e seguintes da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia para comprobación por parte dos servizos técnicos municipais e para que este certifique a veracidade das obras obxecto do proxecto e inspección previa ao exercicio da actividade.

9.- APROBACION DE FACTURAS.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar as facturas relacionadas por un importe total de 4377,09€
2. Ordear á Tesourería Municipal que proceda ao pago previa intervención formal da Interventora das cantidades das facturas relacionadas por un importe de 4377,09€

Aplicacion	Importe	Tercero
2017 31221200	2.593,55€	Zardoya Otis, S.A. Reparación ascensor Centro de Saúde
2017 153121300	1.783,54€	Remolques González. Reparación desbrozadora
TOTAL	4.377,09€	

10.- SOLICITUDE DE AXUDA A CONSELLERIA DE MEDIO RURAL DOS CAMIÑOS: ABELEIRAS-BURGAN E IGREXA-FORNELOS.-

Acordos adoptados:

- 1º Aprobar o proxecto CAMIÑO ABELEIRAS-BURGAN (GORGULLOS) E OUTRO, por un importe de 60.440,46€ redactado en maio de 2017 polo Enxeñeiro de Camiños don J.C.R.M..
- 2º Solicitar unha subvención a Consellería de Medio Rural.
- 3º A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.

4º Declarar que este Concello non está incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da lei 9/2007, do 7 de xuño, de subvencións de Galicia, e do cumprimento das obrigas esixidas polo artigo 11 da lei 9/2007, do 7 de xuño, de subvencións de Galiza.

5º Declarar que este concello esta o día nas súas obrigas tributarias, fronte a Seguridade Social e non ter débedas coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

6º Declarar que o Concello non ten solicitadas nin concedidas outras axudas para esta finalidade.

7º Facultar expresamente ao señor Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

11.- PROXECTO VIVENDA COMUNITARIA EN RECTORAL DE ANXERIZ. SOLICITUDE DE SUBVENCION A LEADER+ E APROBACION DO PROXECTO.-

Acordos adoptados:

1º Solicitar a participación no Leader +..

2º Aprobar o proxecto “vivenda comunitaria en Rectoral de Anxeriz” o presuposto e a súa conseginte consignación se si concede a dita subvención.

3º Aprobar a dispoñibilidade da Rectoral de Anxeriz en base ao convenio asinado co arzobispado.

4º designar a C.S.R. como responsable do expediente e nomear a don Antonio Pereiro Liñares, en calidade de Alcalde como persoa designada para a xestión de todo o relativo a este expediente e actuar como representante deste concello.

12.- PROXECTO DE RECONSTRUCION OBRA DRENAXE SOBRE O REGATO XUNQUEIRA (DP-8401P.Q.5+520) SOLICITUDE DE SUBVENCION A DEPUTACION PROVINCIAL.-

Acordos adoptados:

1º Aprobar o proxecto de obras de “ RECONSTRUCCIÓN DA OBRA DE DRENAXE SOBRE O REGO DA XUNQUEIRA NO LUGAR DE PONTEPEDRA (CABALEIROS)”, por un importe de 36.366,10€, polo Enxeñeiro de Camiños don J.C.R.M..

2º Solicitar unha subvención a Excma. Deputación Provincial de A Coruña para a obra “RECONSTRUCCIÓN DA OBRA DE DRENAXE SOBRE O REGO DA XUNQUEIRA NO LUGAR DE PONTEPEDRA (CABALEIROS)”, por un importe de 36.366,10€.

3º Nomear como representante legal do Concello ante a Administración ao señor Alcalde don Antonio Pereiro Liñares.

13.- PROXECTO DE CONSTRUCCION DE BEIRARRUAS NA DP8401 TABLILLA-AGROS DO MESTRE POR PONTEPEDRA P.Q.5+60 O5+470.SOLICITUDE DE AXUDA A DEPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA.-

Acordos adoptados:

1º Aprobar o proxecto de obras de “construcción de beirarrúas na DP8401 de A Tablilla a Agros do Mestre por Pontepedra.P.Q. 5+060 ó 5+470, por un importe de 169.745,35€, redactado en abril de 2017 polo Enxeñeiro de Camiños don J.C.R.M..

2º Solicitar unha subvención a Excm. Deputación Provincial de A Coruña para a obra “ construcción de beirarrúas na DP8401 de A Tablilla a Agros do Mestre por Pontepedra P.Q. 5+060 ó 5+470 por un importe de 169.745,35€.

3º Nomear como representante legal do Concello ante a administración ao señor Alcalde don Antonio Pereiro Liñares.

14.- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-

O señor alcalde informa do seguinte:

1º. De que o mércores, 26 de abril de 2017 saíu publicada a Orde o 11 de abril de 2017 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017, e se procede a súa convocatoria.

Acordos adoptados:

- Solicitar unha axuda a Consellería de Política Social conforme a Orde do 11 de abril de 2017 para o proxecto “información xuvenil no Concello de Tordoia 2017” por un importe total de 6.000€.
- Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Nomear a don Antonio Pereiro Liñares, en calidade de Alcalde como persoa designada para actuar como representante deste concello ante a Consellería de Política Social.
- Declarar que este concello esta ao día no cumprimento das Obrigas Tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma. Autorízase a Consellería de Política Social a realizar as consultas necesarias para comprobar esta situación de non ter débedas.
- Declarar que o concello cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o desposto no artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia se levántase a sesión, sendo as 14:15 horas.